



**MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA****ACTA DA 3ª XUNTANZA****SERVIZO DE LIMPEZA DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES**  
**(procedemento negociado sen publicidade)**

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 19 de decembro de 2016 ás 13.40 horas.


**ASISTENTES:**

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez  
Vogais: Don Xan Duro Fernández, representante de CA  
Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE  
Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP  
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade  
Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade  
Secretario: Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, secretario xeral do pleno  
Non asisten: Don Rubén Cela Díaz e Dona Inmaculada Viña Carregal.

**ORDE DO DÍA****1. Cualificación da documentación presentada polo licitador proposto para a adxudicación (ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA).**

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA**, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 13.43 horas. Dou fe.



**MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA**

**ACTA DA 2ª XUNTANZA**

**SERVIZO DE LIMPEZA DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES**  
**(procedemento negociado sen publicidade)**

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 2 de decembro de 2016 ás 14.19 horas.

**ASISTENTES:**

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez  
 Vogais: Don Xan Duro Fernández, representante de CA  
 Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE  
 Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG  
 Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP  
 Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade  
 Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade

Secretario: Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, secretario xeral do pleno.

Non asiste: Dona Inmaculada Viña Carregal

**ORDE DO DÍA**

**1. VALORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.**

A mesa de contratación procede coa análise do informe valorativo sobre a documentación do sobre A, informe que se acompaña á presente acta.

Dito informe conclúe co seguinte cadro de puntuación final:


Empresas	Proposta de organización do servizo	Oferta económica	Melloras	PUNTUACIÓN TOTAL
ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA	7,00	15,00	1,73	23,73
OHL Servicios Ingesan, SA	5,85	14,27	1,80	21,92
Limpiezas Salgado, SL	6,18	0,00	3,00	9,18

Da análise do referido informe despréndese que que a empresa que acada a máxima puntuación no proceso e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas, é o licitador ISS SOLUCIONES DE LIMPIEZA DIRECT, SA.

De conformidade cos termos do informe, e mesas anteriores, ACÓRDASE propoñer como adxudicataria á empresa **ISS SOLUCIONES DE LIMPIEZA DIRECT, SA**, que ofertou un importe de **163.800,00 euros** (máis o IVE) e as seguintes melloras: 150 horas gratuítas para servizos urxentes e dúas limpezaas anuais dos tellados e canais da estación.

Procederáse de acordo coa cláusula 14 do prego de condicións de aplicación, aos efectos de que presenten a documentación que recolle a devandita cláusula no prazo de 10 días naturais desde que reciban o requirimento do director xerente.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 14.25 horas. Dou fe.



## INFORME

**ASUNTO: informe de valoración dos criterios de adxudicación establecidos no concurso para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do servizo de limpeza da estación de autobuses de Santiago.**

O presente informe redáctase a solicitude da Mesa de Contratación ao obxecto de valorar as ofertas presentadas en relación aso criterios establecidos no concurso para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do servizo de limpeza da estación de autobuses.

Con data 18 de novembro de 2016 celebrouse reunión da mesa de contratación para a apertura de ofertas e a celebración dos actos de negociación individualizados. Trala análise formal da documentación presentada, a mesa de contratación acordou remitir, para o seu informe técnico, as seguintes ofertas presentadas:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA (orçamento máximo de licitación 170.000 €)	ORGANIZACIÓN DO SERVIZO	MELLORAS	MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS
LIMPIEZAS SALGADO, SL	170.000,00 €	Si	Si	Si
ISS SOLUCIONES DE LIMPIEZA DIRECT, SA	164.103,80 €	Si	Si	Si
OHL SERVICIOS INGESAN, SA	164.101,82 €	Si	Si	Si

No acto de negociación individualizado, ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA fixo unha nova oferta económica fixando o seu importe en 163.800 €.

### ANÁLISE DAS OFERTAS PRESENTADAS

Segundo indica o artigo 10 do prego de condicións, as ofertas valoraranse de acordo cos seguintes criterios:

#### 1.- Proposta de organización do servizo, ata 7 puntos.

*O licitador presentará unha memoria que conterá a documentación que xustifique os apartados que se describen a continuación, cunha valoración máxima de 7 puntos, que se distribuirán da seguinte maneira:*

- Organización do servizo que garanta o maior número de horas de traballo fóra do horario de maior actividade da instalación (a limpeza dos aseos da estación está suxeita aos horarios marcados no prego). Puntuación: ata 5 puntos.

O horario de maior actividade é o seguinte: de luns a xoves entre as 7.00 e as 18.00 h, os venres de 7.00 a 21.00 h e os domingos de 17.00 a 22.00 h.

- Sistema de control que permita o control diario por parte de TUSSA sobre as distintas tarefas de limpeza, así como a súa frecuencia. Puntuación: ata 2 puntos.

2.- Proposta económica, ata 15 puntos.

Daráselle a máxima puntuación á oferta económica máis baixa. O resto valorarase de forma lineal ata o prezo máximo que valerá cero puntos.

Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

Cando a mesa de contratación presuma fundadamente que a proposición non se poida cumprir como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días hábiles xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación correspondente. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a aos servizos técnicos a fin de que emitan o correspondente informe.

Consideraranse, en principio, como desproporcionadas ou anormais as ofertas que se atopan nos seguintes supostos:

1.- Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.

2.- Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.

3.- Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da devandita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.

4.- Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se

*entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, calcularase unha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.*

*Para a xustificación da oferta o licitador poderá presentar a documentación que estime oportuna en relación ao que recolle o artigo 152.3 do TRLCSP.*

**3.- Melloras ofertadas, ata 3 puntos.**

*Valoraranse da seguinte maneira:*

*a) Proposta de horas gratuítas para servizos urxentes: ata 1,5 puntos. Á oferta con maior número de horas asignaráselle 1,5 puntos e o resto puntuarase de xeito proporcional.*

*b) Proposta de limpeza dos tellados e canais da estación dúas veces ao ano (unha sería na primavera e a outra unha vez rematado o outono): 0,75 puntos por cada limpeza.*

Polo tanto, a análise das ofertas realizarase en base a estas cuestións:

## **PROPOSTA DE ORGANIZACIÓN DO SERVIZO**

### **LIMPIEZAS SALGADO, SL**

#### **Organización do servizo que garanta o maior número de horas de traballo fóra do horario de maior actividade da instalación.**

Limpiezas Salgado, SL inicia a súa planificación indicando, textualmente, que *“Esta proposta de cobertura, sendo viable operativa e tecnicamente, busca trasladar o maior número de horas de limpeza fora do horario de maior actividade do centro. Non obstante, debido a que supón unha importante variación nos horarios actuais dos traballadores adscritos ó servizo, requerirá da búsqueda dun acordo cos mesmos co obxectivo de evitar eventuais conflitos laborais”*.

É evidente que na súa oferta presenta uns horarios de traballo e eses horarios deben cumprirse, xa que se os horarios se puidesen modificar a proposta presentada carecería de validez e a puntuación outorgada á mesma tamén.

En canto ao horario de traballo presenta un horario diferente por cada traballador e ademais as limpadoras 1 e 2 non teñen un horario fixo, establecendo catro quendas de traballo.

A súa concreción é a seguinte:

#### **Limpadora 1:**

- Quenda 1 e 3:
  - ✓ Luns a venres de 9.00 a 13.00 horas
  - ✓ Domingos de 9.00 a 12.00 e de 18.00 a 22.00 horas
- Quenda 2:
  - ✓ Luns a venres de 9.00 a 13.00 horas
- Quenda 4:
  - ✓ Luns a venres de 9.00 a 13.00 horas e de 22.30 a 0.30 horas

#### **Limpadora 2:**

Na quenda 1 e 3 non presta servizo, realizando soamente as quendas 2 e 4 co seguinte horario:

- Quenda 2:
  - ✓ Luns a venres de 22.30 a 0.30 horas
  - ✓ Domingos de 9.00 a 12.00 e de 18.00 a 22.00 horas
- Quenda 4:
  - ✓ Domingos de 9.00 a 12.00 e de 18.00 a 22.00 horas

#### **Especialista 2:**

- Quenda 1:
  - ✓ Luns a xoves de 18.00 a 0.30 horas
  - ✓ Venres de 18.00 a 0.00 horas
  - ✓ Sábados de 15.00 a 22.00 horas
- Quenda 2:

- ✓ Luns a xoves de 15.30 a 22.00 horas
- ✓ Venres de 16.00 a 22.00 horas
- ✓ Sábados de 15.00 a 22.00 horas

Os outros dous traballadores teñen o mesmo horario todas as semanas, concretamente:

- **Limpadora 3:** luns, mércores e venres de 19.30 a 21.00 horas
- **Especialista 1:** de luns a xoves de 15.00 a 21.00 horas; venres de 15.00 a 20.00 horas, os sábados de 9.00 a 12.30 horas e os domingos de 15.00 a 15.30 horas

Con esta distribución horaria o número de horas semanais non é fixo, aínda que a media semanal é de 110 horas (horas semanais mínimas establecidas no prego de condicións). Concretamente a súa distribución de horas é:

- Quenda 1: 105 horas
- Quenda 2: 115 horas
- Quenda 3: 105 horas
- Quenda 4: 115 horas

Como o número de horas semanais non é fixo o número de horas fóra do horario establecido no prego tampouco é fixo, quedando o número de horas fóra do horario da seguinte maneira:

### Quendas 1 e 3

As quendas 1 e 3 teñen o mesmo horario en todos os traballadores e a súa planificación presenta un total de **55 horas fóra do horario**, distribuídas da seguinte forma:

- **Limpadora 1:** domingos de 9.00 a 12.00 (3 horas semanais fóra do seu horario).
- **Especialista 1:** de luns a xoves de 18.00 a 21.00 horas (3 diarias e 12 horas semanais); Os sábados de 9.00 a 12.30 horas (3,5 horas semanais) e os domingos de 15.00 a 15.30 (0,5 horas semanais); polo tanto este traballador realiza 16 horas semanais fóra do seu horario.
- **Especialista 2:** de luns a xoves de 18.00 a 0.30 horas (6,5 horas diarias e 26 horas semanais); os venres de 21.00 a 0.00 horas (3 horas semanais) e sábados de 15.00 a 22.00 horas (7 horas semanais), realizando 36 horas semanais fóra do seu horario.



## Quenda 2

A quenda 2 presenta un total de **53 horas fóra do horario** distribuídas da seguinte forma:

- **Limpadora 2:** de luns a venres de 22.30 a 0.30 horas (2 horas diarias e 10 horas semanais) e os domingos de 9.00 a 12.00 (3 horas semanais); polo tanto este traballador realiza 13 horas fóra do seu horario.
- **Especialista 1:** de luns a xoves de 18.00 a 21.00 horas (3 diarias e 12 horas semanais); Os sábados de 9.00 a 12.30 horas (3,5 horas semanais) e os domingos de 15.00 a 15.30 (0,5 horas semanais); polo tanto este traballador realiza 16 horas semanais fóra do seu horario.
- **Especialista 2:** de luns a xoves de 18.00 a 22.00 horas (4 horas diarias e 16 horas semanais), os venres de 21.00 a 22.00 horas (1 horas semanais) e sábados de 15.00 a 22.00 horas (7 horas semanais), realizando 24 horas semanais fóra do seu horario.

## Quenda 4

A quenda 4 presenta un total de **53 horas fóra do horario**, distribuídas da seguinte forma:

- **Limpadora 1:** de luns a venres de 22.30 a 0.30 horas (2 horas diarias e 10 horas semanais)
- **Limpadora 2:** Os domingos de 9.00 a 12.00 (3 horas semanais)
- **Especialista 1:** de luns a xoves de 18.00 a 21.00 horas (3 diarias e 12 horas semanais); Os sábados de 9.00 a 12.30 horas (3,5 horas semanais) e os domingos de 15.00 a 15.30 (0,5 horas semanais); polo tanto este traballador realiza 16 horas semanais fóra do seu horario.
- **Especialista 2:** de luns a xoves de 18.00 a 22.00 horas (4 horas diarias e 16 horas semanais), os venres de 21.00 a 22.00 horas (1 horas semanais) e sábados de 15.00 a 22.00 horas (7 horas semanais), realizando 24 horas semanais fóra do seu horario

Como se pode apreciar, o número de horas fóra do horario de maior actividade da estación non é fixo, polo que se calcula a media entre as catro quendas, con un resultado de **54 horas semanais**.

Ademais dos horarios do persoal subrogado, Limpiezas Salgado, SL presenta unha serie de tarefas nas que o equipo de especialistas prestará apoio ao persoal adscrito ao contrato. Estas tarefas son:

- Limpeza de acristalamentos con equipos e útiles específicos das oficinas TUSSA no aparcadoiro de Xoán XXIII e oficinas TUSSA na estación de autobuses.
- Limpeza do exterior das oficinas de TUSSA aparcadoiro Xoán XXIII.
- Abrillantado dos solos das oficinas de TUSSA aparcadoiro Xoán XIII.
- Limpeza de pavimentos e procesos especiais (abrillantado, desinfección, etc).
- Traballos e tarefas extraordinarias como: situacións de emerxencias, inundacións, incendio, reforma, etc.

Pola organización do servizo que garante 54 horas fóra do horario de maior actividade da instalación outórgaselle **4,58 puntos**.

### **Sistemas de control**

Limpiezas Salgado, SL basea o control e a supervisión en tres cuestións:

- Control das tarefas por rexistros de calidade
- Control das tarefas polos supervisores
- Control electrónico de presenza

En relación ao **control das tarefas por rexistros de calidade**, Limpiezas Salgado, SL presenta unha serie de rexistros de calidade que serán revisados pola supervisora dentro da supervisión diaria e semanal prevista. Estes rexistros estarán expostos nas zoas de limpeza a controlar e son os seguintes:

- Rexistro de control de limpeza de WC
- Rexistro de control de tarefas diarias
- Rexistro de control de tarefas semanais
- Rexistro de control de tarefas mensuais
- Rexistro de control de tarefas anuais

Este rexistros asinaranse polo traballador e polo supervisor como “compromiso dunha correcta supervisión” e entregaranse a TUSSA para a súa conformidade.

**No referente ao control das tarefas polos supervisores**, Limpiezas Salgado, SL presenta unha supervisión diaria por parte da supervisora de mantemento. Nesa

revisión realizará o control directo diario do cumprimento das tarefas a realizar no centro de traballo, cubrindo un “registro diario de control” no que consten as incidencias do servizo.

En base a estes registros diarios de control informarase mensualmente á dirección de TUSSA dos feitos máis relevantes do servizo durante o mes transcorrido.

Semanalmente o encargado de servizos especializados realizará un control e inspección de planificación da limpeza de:

- Cristais e as súas marcacións
- Limpezas dos chans
- Limpeza de instalacións, accesorios e patios

Para o control do servizo presenta un sistema de **control de presenza** por pegada dixital que permite controlar a presenza dos traballadores no centro de traballo.

En base ao indicado, puntúaselle da seguinte forma:

- Control de tarefas por registros, 0,75 puntos polo control das tarefas diarias, semanais, mensuais e anuais.
- Control dos aseos, 0,25 puntos.
- Inspección diaria do servizo, 0,5 puntos.
- Control de presenza, 0,10 puntos xa que simplemente garante o cumprimento do horario pero non o traballo a realizar.

Por todo indicado, a puntuación outorgada neste apartado é de **1,60 puntos**.

<b>ISS SOLUCIONES DE LIMPIEZA DIRECT, SA</b>
--

**Organización do servizo que garanta o maior número de horas de traballo fóra do horario de maior actividade da instalación.**

En relación á organización do servizo ISS presenta un cadro de frecuencias idéntico ao do prego de condicións, garantindo 110 horas de traballo, que é o mínimo de horas establecido no prego de condicións.

En canto ao horario de traballo, presenta o seguinte:

- Unha persoa presente na estación entre as 9.00 e as 13.30 horas e entre as 15.00 e as 22.00 horas.
- A limpeza dos aseos nos horarios establecidos no prego de condicións, é dicir, ás 9.00, 12.00, 15.00, 18.00 e 22.00 horas.
- A limpeza das oficinas de información despois das 22.00 horas, as de megafonía despois das 22.30 horas e as de TUSSA despois das 15.00 horas. A oficina de Xoán XXIII a calquera hora xa que existe persoal as 24 horas.
- Limpeza das instalacións en horario de mínima afluencia, é dicir, fóra do intervalo de 7.00 a 18.00 horas (de luns a xoves), os venres fóra do intervalo de 7.00 a 21.00 horas e dos domingos fóra do intervalo de 17.00 a 22.00 horas.

Tamén sinala que en caso de requirirse servizo de limpeza en horarios non cubertos polo servizos, as urxencias serán atendidas nun prazo máximo de unha hora.

Estas liñas xerais sobre o horario acompañanse dun cuadrante coa súa concreción por áreas de traballo, concretamente presenta o seguinte horario:

- Mantemento de limpeza: de luns a xoves de 9.00 a 13.30 e de 15.00 a 20.00; os venres de 9.00 a 13.30 e de 15.00 a 20.00 horas; os sábados de 9.00 a 13.30 e de 15.00 a 23.00; e os domingos de 9.00 a 16.00 e de 18.00 a 23.00 horas.
- Limpeza xeral da estación: de luns a xoves de 18.30 a 0.30 horas, os venres de 19.00 a 0.30 horas e os sábados de 9.00 a 12.00 horas.
- As oficinas de TUSSA limpanse de 15.00 a 16.30 horas os luns, mércores e venres e as oficinas do aparcadoiro de Xoán XXIII os venres de 9.00 a 10.00 horas

Esta planificación presenta un total de **59 horas fóra do horario** distribuídas da seguinte forma:

- En mantemento de limpeza realízanse 2 horas de luns a xoves (18.00 a 20.00) que supoñen 8 horas semanais; os sábados 12,5 horas (9.00 a 13.30 e 15.00 a 23.00) e os domingos 8 horas (de 9.00 a 16.00 e de 22.00 a 23.00). Isto supón un total de 28,50 horas semanais.
- En limpeza xeral da estación realízanse 6 horas de luns a xoves (18.30 a 0.30), que supoñen 24 horas semanais; os venres 3,5 horas (21.00 a 0.30) e os sábados 3 horas (9.00 a 12.00). Ascende a un total de 30,50 horas semanais.

Pola organización do servizo que garante 59 horas fóra do horario de maior actividade da instalación outórgaselle **5 puntos**.

### **Sistemas de control**

ISS presenta a implantación dunha aplicación web propia que permite:

- Informar de incidencias e rexistrar a súa resolución
- Planificar as tarefas contratadas (mensuais, semestrais, anuais, ...)
- Control das tarefas realizadas
- Planificación das accións correctivas
- Permite rexistrar automaticamente os controis de calidade
- Permite emitir informes de eficiencia dos servizos prestados

O cliente pode acceder ao seguimento das tarefas realizadas, programadas, incidencias, tempo de resolución, ...

Esta aplicación permítelle a TUSSA realizar ordes de traballo que o responsable do servizo recibirá no seu terminal móbil.

Instalarán códigos QR nos aseos que permitirán aos usuarios da estación indicar en cada momento o seu estado. O encargado do servizo de limpeza recibirá, instantaneamente o problema detectado.

Presenta tamén a elaboración da enquisa de satisfacción do cliente e unha enquisa de satisfacción do usuario final do servizo.

A enquisa de satisfacción do cliente será, como mínimo, anual. En canto á de satisfacción do usuario final indica que no primeiro mes se establecerá con TUSSA a frecuencia, a planificación por áreas, o calendario, os correos electrónicos e o contido da enquisa. O problema sobre esta enquisa e que sinala que a encargada do centro a entregará aos traballadores na súa mesa de maneira trimestral obviando que se trata dun centro público e polo tanto as persoas que deberían valorar o servizo non se encontran de maneira fixa na estación. En base ao anterior, non queda claro a forma de levar a cabo a entrevista nin a validez da mesma.

Ademais, presenta para TUSSA as seguintes medidas que consideran especiais:

- Supervisión directa dos operarios. Unha vez por semana o responsable de equipo levará a cabo una supervisión aleatoria da folla de ruta de calquera

operario para comprobar que non existen variacións en relación ás tarefas programadas.

- Comunicación fluída do responsable de equipo co xestor do servizo. Semanalmente acudirán ao centro de traballo.
- Reunión do xestor do servizo co cliente. Manteranse reunións de seguimento nas que, entre outros temas non especificados, verificarase que as non conformidades foran arranxadas.

En base ao indicado, puntúaselle da seguinte forma:

- Aplicación web que permite o control das tarefas realizadas, 1,5 puntos.
- Inspección semanal do servizo por parte do encargado, 0,25 puntos
- Sistema para que o usuario final dos aseos poida indicar as incidencias directamente para a súa subsanación, 0,25 puntos.

Por todo indicado, a puntuación outorgada neste apartado é de **2 puntos**.

#### OHL SERVICIOS INGESAN, SA

#### **Organización do servizo que garanta o maior número de horas de traballo fóra do horario de maior actividade da instalación.**

OHL Servicios Ingesan inicia a súa oferta indicando a forma en que levaran a cabo a limpeza nas distintas instalacións (despachos e oficinas, vestiarios, ascensores, escaleiras e escalinatas, pavimentos, cuartos de aseo, portas de cristal, de madeira e ventás)

Posteriormente presenta os horarios de traballo dos traballadores subrogados, divididos en catro quendas de traballo. O horario que presenta é o seguinte:

#### **Limpadora 1:**

- Quenda 1:
  - ✓ Luns a venres de 16.00 a 17.00 horas
- Quenda 2:
  - ✓ Luns a venres de 16.00 a 17.00 horas

- Quenda 3:
  - ✓ Luns a venres de 16.00 a 17.00 horas e de 22.30 a 0:30 horas
- Quenda 4:
  - ✓ Luns a venres de 16.00 a 17.00 horas

**Limpadora 2:**

- Quenda 1:
  - ✓ Luns a venres de 9.00 a 13.00 horas e de 16.00 a 17.00 horas
- Quenda 2:
  - ✓ Luns a venres de 9.00 a 13.00 horas e de 16.00 a 17.00 horas
  - ✓ Domingos de 10.00 a 13.00 e de 18.00 a 22.00 horas
- Quenda 3:
  - ✓ Luns a venres de 9.00 a 13.00 horas e de 16.00 a 17.00 horas
- Quenda 4:
  - ✓ Luns a venres de 9.00 a 13.00 horas e de 16.00 a 17.00 horas
  - ✓ Domingos de 10.00 a 13.00 e de 18.00 a 22.00 horas

**Limpadora 3:**

- Quenda 1:
  - ✓ Luns a venres de 22.30 a 0.30 horas
  - ✓ Domingos de 10.00 a 13.00 e de 18.00 a 22.00 horas
- Quenda 3:
  - ✓ Domingos de 10.00 a 13.00 e de 18.00 a 22.00 horas

**Especialista 1:**

- Quenda 1:
  - ✓ Luns a venres de 15.00 a 21.30 horas

- ✓ Sábados laborables de 15.00 a 21.30 horas
- Quenda 2:
  - ✓ Luns a venres de 18.00 a 0.30 horas
  - ✓ Sábados laborables de 15.00 a 21.30 horas
- Quenda 3:
  - ✓ Luns a venres de 15.00 a 21.30 horas
  - ✓ Sábados laborables de 15.00 a 21.30 horas
- Quenda 4:
  - ✓ Luns a venres de 18.00 a 0.30 horas
  - ✓ Sábados laborables de 15.00 a 21.30 horas

**Especialista 2:**

- Quenda 1:
  - ✓ Luns a venres de 15.00 a 19.30 horas
  - ✓ Sábados laborables de 15.00 a 21.30 horas
- Quenda 2:
  - ✓ Luns a venres de 15.00 a 19.30 horas
  - ✓ Sábados laborables de 15.00 a 21.30 horas
- Quenda 3:
  - ✓ Luns a venres de 15.00 a 19.30 horas
  - ✓ Sábados laborables de 15.00 a 21.30 horas
- Quenda 4:
  - ✓ Luns a venres de 15.00 a 19.30 horas
  - ✓ Sábados laborables de 15.00 a 21.30 horas

Con esta distribución horaria o número de horas semanais non é fixo, aínda que a media semanal é de 110 horas (horas semanais mínimas establecidas no prego de condicións). Concretamente a súa distribución de horas é:



- Quenda 1: 115 horas
- Quenda 2: 105 horas
- Quenda 3: 115 horas
- Quenda 4: 105 horas

Como o número de horas semanais non é fixo o número de horas fóra do horario establecido no prego tampouco é fixo, quedando o número de horas fóra do horario de maior actividade da seguinte maneira:

### Quenda 1

A quenda 1 presenta un total de **46,5 horas fóra do horario**, distribuídas da seguinte forma:

- **Limpadora 3:** de luns a venres de 22.30 a 0.30 horas (2 horas diarias e 10 horas semanais) e os domingos de 10.00 a 13.00 horas (3 horas semanais), o que supón 13 horas semanais.
- **Especialista 1:** de luns a xoves de 18.00 a 21.30 horas (3,5 diarias e 14 horas semanais); os venres de 21.00 a 21.30 (0,5 horas semanais), e os sábados de 15.00 a 21.30 horas (6,5 horas semanais); polo tanto este traballador realiza 21 horas semanais fóra do horario de maior actividade.
- **Especialista 2:** de luns a xoves de 18.00 a 19.30 horas (1,5 horas diarias e 6 horas semanais) e sábados de 15.00 a 21.30 horas (6,5 horas semanais), realizando 12,5 horas semanais fóra do horario de maior actividade.

### Quenda 2 e 4

A quenda 2 e 4 presentan o mesmo horario e un total de **51,5 horas fóra do horario**, distribuídas da seguinte forma:

- **Limpadora 2:** Os domingos de 10.00 a 13.00, o que supón 3 horas semanais
- **Especialista 1:** de luns a xoves de 18.00 a 0.30 horas (6,5 diarias e 26 horas semanais); os venres de 21.00 a 0.30 (3,5 horas semanais), e os sábados de 15.00 a 21.30 horas (6,5 horas semanais); polo tanto este traballador realiza 36 horas semanais fóra do seu horario.
- **Especialista 2:** de luns a xoves de 18.00 a 19.30 horas (1,5 horas diarias e 6 horas semanais) e sábados de 15.00 a 21.30 horas (6,5 horas semanais), realizando 12,5 horas semanais fóra do seu horario.

### Quenda 3

A quenda 3 presenta un total de **46,5 horas fóra do horario**, distribuídas da seguinte forma:

- **Limpadora 1:** de luns a venres de 22.30 a 0.30 horas, o que supón 2 horas diarias e 10 horas semanais.
- **Limpadora 3:** os domingos de 10.00 a 13.00, o que supón 3 horas semanais.
- **Especialista 1:** de luns a xoves de 18.00 a 21.30 horas (3,5 diarias e 14 horas semanais); os venres de 21.00 a 21.30 (0,5 horas semanais), e os sábados de 15.00 a 21.30 horas (6,5 horas semanais); polo tanto este traballador realiza 21 horas semanais fóra do horario de maior actividade.
- **Especialista 2:** de luns a xoves de 18.00 a 19.30 horas (1,5 horas diarias e 6 horas semanais) e sábados de 15.00 a 21.30 horas (6,5 horas semanais), realizando 12,5 horas semanais fóra do horario de maior actividade.

A media das catro quendas, dá un resultado de 49 horas semanais fóra do horario de maior actividade da estación.

Pola organización do servizo que garante **49 horas fóra do horario** de maior actividade da instalación outórgaselle **4,15 puntos**.

### Sistemas de control

OHL Servicios Ingesan presenta un sistema de control presencial mediante dúas chamadas telefónicas (unha ao inicio do servizo e outra á finalización do mesmo) a través dunha plataforma propia.

Dita aplicación permite levar a cabo un control diario, semanal e anual do servizo (tarefas realizadas) xa que permite visualizar o histórico de datos da instalación obxecto do prego.

Ademais pódense introducir incidencias mediante a ferramenta tickets que permite o intercambio de incidencia de maneira bidireccional entre clientes e provedores.

Tamén indican que nos tres primeiros meses de execución do servizo presentarán un plan de autocontrol da calidade integrado polos seguintes informes:

- Manual de posto onde figurará un circuíto de limpeza por operario, definición das zoas a limpar, normas xerais de limpeza, metodoloxía e prevención de riscos laborais.
- Manual de supervisión que inclúe o conxunto de manuais de posto para facilitar a resolución das incidencias detectadas e supervisar o cumprimento das tarefas pactadas.
- Protocolo de calidade do servizo de limpeza, que definirá os procedementos de control da calidade do servizo así como as medidas correctoras e preventivas a adoptar.

Para levar a cabo o control da calidade designarán un técnico en control de calidade que efectuará revisións periódicas pero non indican cada canto tempo se levan a cabo.

Establécese unha supervisión mensual, por parte do encargado, a través dunhas fichas de control. O encargado cubrirá unha serie de cuestionarios onde avaliará a calidade dos traballos realizados entre 1 e 5. Estes cuestionarios enviaranse ao departamento de calidade para elaborar o cadro de mando e o seguimento de accións correctoras orixinadas pola función de inspección.

Por último presenta unha serie de rexistros de limpeza que deberán cubrir os traballadores no momento de levar a cabo dita limpeza, entre eles presentan un rexistro da limpeza dos aseos.

En base ao indicado, puntúaselle da seguinte forma:

- Control de presenza, 0,10 puntos xa que simplemente garante o cumprimento do horario pero non o traballo a realizar.
- Aplicación para comunicación de incidencias, 0,50 puntos.
- Inspección mensual do servizo, 0,10 puntos.
- Control de tarefas por rexistros, 0,75 puntos polo control das tarefas diarias, semanais, mensuais e anuais.
- Control dos aseos, 0,25 puntos.

Por todo indicado, a puntuación outorgada neste apartado é de **1,70 puntos**.

Polo tanto, a puntuación no apartado de proposta de organización do servizo dos tres licitadores queda da seguinte maneira:

<b>Empresa</b>	<b>Organización con maior número de horas fóra do horario de maior actividade</b>	<b>Sistemas de control</b>	<b>Total proposta de organización do servizo</b>
ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA	5,00	2,00	7,00
Limpiezas Salgado, SL	4,58	1,60	6,18
OHL Servicios Ingesan, SA	4,15	1,70	5,85

### PROPOSTA ECONÓMICA

Antes de proceder á valoración da oferta económica débese analizar se algunha das ofertas presentan valores anormais ou desproporcionados.

A diferenza das ofertas presentadas coa media aritmética é a seguinte:

<b>Empresas</b>	<b>Proposición económica</b>	<b>Porcentaxe en relación á media aritmética</b>
ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA	163.800,00 €	-1,31%
Limpiezas Salgado, SL	170.000,00 €	2,43%
OHL Servicios Ingesan, SA	164.101,82 €	-1,12%

<b>MÉDIA ARITMÉTICA</b>	<b>165.967,27 €</b>
-------------------------	---------------------

Como se pode observar, ningunha oferta económica presenta valores anormais ou desproporcionados, polo que se pode proceder á súa valoración.

A valoración da oferta económica, tendo en conta que o orzamento de licitación é de 170.000 €, IVE excluído, é a seguinte:

<b>Empresas</b>	<b>Proposición económica</b>	<b>Baixa segundo o orzamento licitación</b>	<b>Puntuación</b>
ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA	163.800,00 €	6.200,00 €	15,00
Limpiezas Salgado, SL	170.000,00 €	0,00 €	0,00
OHL Servicios Ingesan, SA	164.101,82 €	5.898,18 €	14,27

## MELLORAS OFERTADAS

As melloras valoraranse da seguinte maneira:

- Proposta de horas gratuítas para servizos urxentes: ata 1,5 puntos.
- Proposta de limpeza dos tellados e canais da estación dúas veces ao ano (unha sería na primavera e a outra unha vez rematado o outono): 0,75 puntos por cada limpeza (total ata 1,5 puntos).

As ofertas e a súa puntuación é a seguinte:

Empresas	Horas gratuítas ofertadas	PUNTUACIÓN HORAS GRATUÍTAS	Limpeza tellados ofertada	PUNTUACIÓN LIMPEZA TELLADOS	PUNTUACIÓN TOTAL MELLORAS
ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA	150	0,23	2 veces	1,50	1,73
Limpiezas Salgado, SL	1.000	1,50	2 veces	1,50	3,00
OHL Servicios Ingesan, SA	200	0,30	2 veces	1,50	1,80

En base ao indicado, a puntuación total do sobre A é a que segue:

Empresas	Proposta de organización do servizo	Oferta económica	Melloras	PUNTUACIÓN TOTAL
ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA	7,00	15,00	1,73	23,73
Limpiezas Salgado, SL	6,18	0,00	3,00	9,18
OHL Servicios Ingesan, SA	5,85	14,27	1,80	21,92

Por todo o indicado, e de acordo co que establece o prego de condicións, a xuízo de quen informa, a empresa **ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA** é a que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa.

Para o caso de que a Mesa dea por ben motivado o presente informe, procederase de acordo coa cláusula 14 do prego de condicións, aos efectos de que a empresa ISS SOLUCIONES DE LIMPIEZA DIRECT, SA presente a documentación que recolle a devandita cláusula no prazo de 10 días naturais desde que reciba o requirimento do director xerente.

É canto teño a ben informar,

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2016

O TÉCNICO DE APARCADOIROS E  
OUTRAS ACTIVIDADES DO TRANSPORTE,

  
*Asdo./ Antonio Padín Tuimil*

**MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA****ACTA DA 1ª XUNTANZA****SERVIZO DE LIMPEZA DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES**  
**(procedemento negociado sen publicidade)**

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 18 de novembro de 2016 ás 14.20 horas.

**ASISTENTES:**

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez

Vogais: Don Xan Duro Fernández, representante de CA.

Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP.

Dona Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.

Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade.

Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade

Secretario: Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, secretario xeral do pleno.

**ORDE DO DÍA****1. EXAME DAS OFERTAS E NEGOCIACIÓN**

Dáse conta das ofertas presentadas, todas elas en prazo:

**LICITADORES**

LIMPIEZAS SALGADO, SL

ISS SOLUCIONES DE LIMPIEZA DIRECT, SA

OHL SERVICIOS INGESAN, SA

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.


A continuación, procédese coa apertura dos sobres A, que conteñen a documentación relativa aos criterios de negociación dos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA (orçamento máximo de licitación 170.000 €)	ORGANIZACIÓN DO SERVIZO	MELLORAS	MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS
LIMPIEZAS SALGADO, SL	170.000,00 €	Si	Si	Si
ISS SOLUCIONES DE LIMPIEZA DIRECT, SA	164.103,80 €	Si	Si	Si
OHL SERVICIOS INGESAN, SA	164.101,82 €	Si	Si	Si

Rematada a apertura dos sobres, a mesa inicia a negociación individual dos termos do contrato con cada un dos licitadores, en función dos diferentes criterios relacionados no prego que rexe a licitación, estendendo as correspondentes actas cos resultados das negociacións individuais levadas a cabo cos diferentes licitadores que acudiron ao acto de negociación e que se acompañan á presente acta (D. Ramón Salgado Fuentes, en representación de Limpiezas Salgado, SL e Dona Esther Fernández Álvarez, en representación de ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA).

Finalmente acórdase o traslado da documentación dos licitadores ao técnico de TUSSA aos efectos de realizar o informe.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 14.35 horas. Dou fe,





**ACTA DE NEGOCIACIÓN CO LICITADOR: LIMPIEZAS SALGADO, SL**

**LICITACIÓN:** Servizo de limpeza da estación de autobuses de Santiago

**TIPO DE LICITACIÓN:** 170.000 € máis IVE      **PROCEDEMENTO:** negociado sen publicidade

**LUGAR, DATA E HORA:** Salón Verde do Pazo de Raxoi, praza do Obradoiro, s/n, o 18 de novembro de 2016 ás 14:36 horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** Don Jorge Duarte Vázquez

**Vogais:** Don Xan Duro Fernández, representante de CA  
Don Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP  
Dona Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral  
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, xerente da Sociedade  
Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade

**Secretario:** D. Fco. Javier Castiñeira Izquierdo, secretario da Sociedade

**Representante do licitador que acude ao acto de negociación:** Ramón Salgado Fuentes  
33261917F

A mesa de contratación inicia a negociación co representante da **empresa LIMPIEZAS SALGADO, SL** indicándolle os criterios que son obxecto de negociación, tal e como se recolle no prego que rexe a licitación.

O representante da citada empresa manifesta que:

**ratifícase na oferta presentada**

Sendo as 14:37 horas conclúe o acto de negociación e, en proba de conformidade, o representante da empresa asina a presente acta xunto co secretario e o presidente da mesa de contratación.

  
Asdo./ Ramón Salgado Fuentes

Representante da empresa LIMPIEZAS SALGADO, SL

Vº e prace,

  
O PRESIDENTE DA MESA

  
O SECRETARIO DA MESA

**ACTA DE NEGOCIACIÓN CO LICITADOR:ISS SOLUCIONES DE LIMPIEZA DIRECT, SA**

**LICITACIÓN:** Servizo de limpeza da estación de autobuses de Santiago

**TIPO DE LICITACIÓN:** 170.000 € máis IVE      **PROCEDEMENTO:** negociado sen publicidade

**LUGAR, DATA E HORA:** Salón Verde do Pazo de Raxoi, praza do Obradoiro, s/n, o 18 de novembro de 2016 ás 14:38 horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** Don Jorge Duarte Vázquez

**Vogais:** Don Xan Duro Fernández, representante de CA  
Don Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP  
Dona Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral  
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, xerente da Sociedade  
Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade

**Secretario:** D. Fco. Javier Castiñeira Izquierdo, secretario da Sociedade

**Representante do licitador que acude ao acto de negociación:** Esther Fernández Álvarez  
09396578C

A mesa de contratación inicia a negociación co representante da empresa **ISS SOLUCIONES DE LIMPIEZA DIRECT, SA** indicándolle os criterios que son obxecto de negociación, tal e como se recolle no prego que rexe a licitación.


O representante da citada empresa manifesta que:

**Mellora a oferta ofrecendo: Baixa a súa oferta económica a 163.800 máis o IVE correspondente.**

Sendo as 14:41 horas conclúe o acto de negociación e, en proba de conformidade, o representante da empresa asina a presente acta xunto co secretario e o presidente da mesa de contratación.

  
Asdo./ Esther Fernández Álvarez

**Representante da empresa ISS SOLUCIONES DE LIMPIEZA DIRECT, SA**

  
Vº e prace,

**O PRESIDENTE DA MESA**

  
**O SECRETARIO DA MESA**